



NOTA DE PRENSA 04.03.09

**O CONCELLO DE MORAÑA MANTÉN A ILEGALIDADE DAS ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL REXEITANDO AS RECOMENDACIÓNS DO VALEDOR DO POBO.**

**OS AFECTADOS DE MORAÑA foron informados recentemente polo Valedor do Pobo do rexeitamento do alcalde de Moraña ás súas recomendacións pola ilegalidade das antenas de telefonía móbil.**

O Valedor do Pobo xa confirmou na recomendación do 09.09-08 a “ausencia de licenza de actividade e funcionamento das antenas de telefonía móbil obxecto da presente queixa”, licenza obrigatoria para tódolos concellos por ser unha actividade PERIGOSA, aplicando o RAMINP ou, no seu caso, o Decreto autonómico 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

**O Valedor do pobo tras esgotar tódolos trámites posibles fará mención crítica no seu informe anual ao Parlamento cos nomes das autoridades / funcionarios que persisten na actitude de ilegalidade entendendo “que era posible unha solución positiva”.**

O colectivo de persoas afectadas de Moraña, tomarán as medidas oportunas trala confirmación de ilegalidade e seguirán a defender un regulamento que **afaste as antenas de zonas residenciais e sensíbeis** ante a RESOLUCIÓN DO PARLAMENTO EUROPEO de 4 de setembro de 2008 que recoñece que hai que cambiar os LÍMITES DE PROTECCIÓN ACTUAIS PORQUE NON SON SEGUROS PARA GARANTIR A SAÚDE (segundo os consellos da Axencia Europea de Medio Ambiente e o Informe Bioiniciativa), e os distintos estudos epidemiolóxicos que asocian maior incidencia de cancro nas proximidades das antenas.

#### **Enlaces a ANEXOS:**

Comunicación do Valedor do Pobo aos afectados de Moraña sobre o arquivo de expediente:  
[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/MORANA/Valedor\\_do\\_Pobo\\_ao\\_Concello\\_de\\_Morana.Remate\\_expediente.pdf](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/MORANA/Valedor_do_Pobo_ao_Concello_de_Morana.Remate_expediente.pdf)

Recomendación do Valedor do Pobo ao Concello de Moraña:  
[C:\Documents and Settings\Eu\Escritorio\apdr.info\apdr.info\electrocontaminacion\MORANA\Valedor\\_do\\_Pobo\\_ao\\_Concello\\_de\\_Morana.GAL.pdf](C:\Documents and Settings\Eu\Escritorio\apdr.info\apdr.info\electrocontaminacion\MORANA\Valedor_do_Pobo_ao_Concello_de_Morana.GAL.pdf)

Resolución do Parlamento Europeo:  
[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Resoluci%C3%B3n\\_%20Parlamento\\_%20Europeo\\_\(Bioinitiative\).pdf](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Resoluci%C3%B3n_%20Parlamento_%20Europeo_(Bioinitiative).pdf)

Declaración da Axencia Europea de Medio Ambiente:  
[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Declaraci%C3%B3n\\_AEMA\\_apoio\\_Bioinitiative.pdf](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Declaraci%C3%B3n_AEMA_apoio_Bioinitiative.pdf)

Informe Bioiniciativa:  
[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef\\_mov\\_investigacions.htm#Informe\\_Bioinitiative](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_investigacions.htm#Informe_Bioinitiative)

Estudos epidemiolóxicos e antenas:  
[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef\\_mov\\_investigacions.htm#Estudos\\_epidemioloxicos\\_e\\_antenas](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_investigacions.htm#Estudos_epidemioloxicos_e_antenas)